

Apertura do sobre A: terá lugar en acto previo a comprobación da documentación xeral segundo se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

Criterios de valoración: os que se enumeran coas súas correspondentes puntuacións e ponderacións e se detallan no prego de cláusulas administrativas particulares e no perfil do contratante.

Apertura e valoración dos contidos dos sobres B e C: a apertura do sobre B e a súa valoración realizáranse con anterioridade á apertura e valoración do contido do sobre C. No caso de que o acto público de apertura das ofertas do sobre C se atrase farase pública a nova data mediante notificación por fax aos licitadores presentados e no perfil do contratante.

Publicidade de resultados: as datas e os resultados das aperturas dos sobres A, B e C, así como das adxudicacións provisoria e definitiva faranse públicas no perfil do contratante.

Garantía definitiva: cinco por cento (5%) do orzamento base de licitación, IVE excluído, para o contrato indicado no punto 2 anterior.

9. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2009.

José Luis Romero Valeiras  
Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos  
Hidráulicos

### **EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.**

*Anuncio do 12 de febreiro de 2009 polo que se fai pública a convocatoria e bases específicas II, para a selección e contratación de persoal temporal entre os candidatos incluídos nas listas previas nas categorías profesionais de oficial administrativo e auxiliar administrativo.*

O director-xerente de Seaga, en virtude das competencias atribuídas polo Consello de Administración, anuncia a aprobación da convocatoria e bases específicas II, para a selección e contratación de persoal temporal da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.* (Seaga) entre os candidatos incluídos nas listas previas nas categorías profesionais de oficial administrativo e auxiliar administrativo, derivada das bases xerais aprobadas por resolución do Consello de Administración, en sesión que tivo lugar o 12 de novembro de 2007.

As bases están expostas na sede da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.* (Seaga), sita no polígono industrial do Tambre, vía Marconi, nº 14, CP 15890 Santiago de Compostela, e na páxina web de Seaga ([www.epseaga.com](http://www.epseaga.com)).

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2009.

Xan Bautista Cambón Rodríguez  
Director-xerente da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.*

### **INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

*Anuncio do 11 de febreiro de 2009 polo que se somete a información pública a modificación puntual do proxecto sectorial do Centro de Transportes e Terminal Intermodal de Ourense, San Cibrao das Viñas (Ourense).*

En virtude do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, que fixa a estrutura orgánica dos distintos órganos e dos Decretos 505/2005 e 506/2005, do 22 de setembro, nos que se fixa, respectivamente, a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo e do Instituto Galego de Vivenda e Solo, son competencias da Consellería de Vivenda e Solo (artigo 1, Decreto 505/2005), entre outras, o establecemento dunha política de creación e fomento de solos de carácter produtivo, sen prexuízo das competencias da Consellería de Innovación e Industria ou de actuacións sectoriais específicas planificadas ou promovidas por outros departamentos ou administracións, particularmente mediante a promoción de parques empresariais, a implantación de axudas para a mellora do solo existente e a regulación das determinacións técnicas de urbanización e edificación do solo empresarial; e, en cumprimento do disposto no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e o artigo 14 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, a modificación puntual do proxecto sectorial do Centro de Transportes e Terminal Intermodal de Ourense, San Cibrao das Viñas (Ourense), sométese a información pública polo prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Durante o dito prazo calquera persoa poderá examinala, en horario de oficina, nas dependencias da Consellería de Vivenda e Solo, sitas no polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, en Santiago de Compostela, e no concello de San Cibrao das Viñas, e presentar ante esta consellería as alegacións, documentos e xustificacións que considere pertinentes. Así mesmo, a devandita modifi-

cación puntual poderá consultarse na páxina web da Consellería de Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2009.

Daniel Pino Vicente  
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda  
e Solo

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 14 de xaneiro de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Ourense, pola que se fai pública a adjudicación definitiva do contrato de subministracións para a adquisición de diverso equipamento sanitario con destino a centros de saúde dependentes desta xerencia AB-XPO1-08-012 (8 lotes).*

O director xerente de Atención Primaria de Ourense, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme o establecido na orde da Consellería de Sanidade do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 99, de 25 de maio), e para cumprimento do disposto no artigo 138.2º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, resolve darlle publicidade á adjudicación definitiva do contrato que se cita:

Nº referencia expediente: AB-XPO1-08-012.

1. Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde-Xerencia de Atención Primaria de Ourense. Avda. de Zamora, 13-3º, 32005 Ourense.

b) Dependencia que tramita o expediente: Departamento de Servizos Xerais e Contratación.

Teléfono 988 06 64 37. Fax 988 06 67 80.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: subministración de diverso equipamento sanitario con destino a centros de saúde dependentes da Xerencia de Atención Primaria de Ourense.

b) División por lotes e número: oito lotes.

c) Data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 199, do 14 de outubro de 2008, BOE nº 242, do 7 de outubro, DOUE do 2 de outubro.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto multicriterio de subministracións.

c) Forma de adjudicación: oferta economicamente máis vantaxosa tendo en conta múltiples criterios.

4. Orzamento base de licitación. Importe total (euros) (IVE excluído): cincocentos cincuenta e seis mil seiscientos oitenta e un euros con vinte e nove céntimos de euro (556.681,29 euros). IVE: trinta e oito mil novecentos sesenta e sete euros con setenta e un céntimos de euro (38.967,71 euros).

| Lote nº | Descrición do lote                                 | Importe licitación sen IVE |
|---------|--|----------------------------|
| 1       | Aparellos sanitarios urxencias                     | 152.121,47 €               |
| 2       | Aparellos sanitarios matronas                      | 10.764,50 €                |
| 3       | Aparellos sanitarios cirurxía menor e dermatoloxía | 49.078,54 €                |
| 4       | Aparellos sanitarios maletíns                      | 118.831,50 €               |
| 5       | Aparellos sanitarios oxixenoterapia                | 47.182,20 €                |
| 6       | Aparellos sanitarios medida de peso                | 53.444,82 €                |
| 7       | Aparellos sanitarios traumatoloxía                 | 30.467,25 €                |
| 8       | Aparellos sanitarios programas                     | 94.791,01 €                |

5. Adjudicación definitiva.

Lote nº 1: aparellos sanitarios urxencias.

a) Data: 22 de decembro de 2008.

b) Adjudicatario: *GDM 1980 Multiservicios Técnicos, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adjudicación: importe total (euros) (IVE excluído): sesenta e seis mil cento cinco euros (66.105 euros). IVE: catro mil seiscientos vinte e sete euros con trinta e cinco céntimos de euro (4.627,35 euros).

\* Lote nº 2: aparellos sanitarios matronas.

a) Data: 22 de decembro de 2008.

b) Adjudicatario: *Boente, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adjudicación: importe total (euros) (IVE excluído): cinco mil cento noventa euros (5.190 euros). IVE: trescentos sesenta e tres euros con trinta céntimos de euro (363,30 euros).

Lote nº 3: aparellos sanitarios cirurxía menor e dermatoloxía.

a) Data: 22 de decembro de 2008.

b) Adjudicatario: *Galerías Sanitarias, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adjudicación: importe total (euros) (IVE excluído): trinta e sete mil oitocentos corenta e oito (37.848 euros). IVE: dous mil seiscientos corenta e nove euros con trinta e seis céntimos de euro (2.649,36 euros).

Lote nº 4: aparellos sanitarios maletíns.

a) Data: 22 de decembro de 2008.

b) Adjudicatario: *Emergalia, S.L.*

c) Nacionalidade: española.